

2.3. ■ ■ políticas activas de emprego

■ A análise das políticas activas de emprego está dividida en dous grandes apartados. O primeiro deles está dedicado á demanda formativa do Forcem, que no ano 2000 rexistrou un total de 370 plans solicitados, dos que se aprobaron 283 (un 16,5% máis que no ano anterior).

Nunha segunda parte preséntanse datos da xestión da accións desenvolvidas no ano 2001 relativas ás políticas activas de emprego. O **cadro C.2.12.** (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2001-02*) recolle o número de beneficiarios do conxunto das liñas de actuación e medidas desenvolvidas. O número de beneficiarios acadou no ano 2002 as 115.327 persoas, 5.378 beneficiarios máis que en 2001.

Neste capítulo analízanse os aspectos relativos á formación e orientación, ó fomento e estabilidade e ós programas de cooperación.

Accións do Forcem

En relación á demanda formativa do Forcem, no 2001 solicitáronse un total de 370

plans de formación (un 16,7% máis que no ano anterior) o que representa o 5,3% do total dos plans solicitados no conxunto estatal. Do total de plans solicitados, o **cadro C.2.11.** (*Indicadores de demanda formativa 2000-01: plans de formación*) reflicte que no último ano se aprobaron en Galicia 284 plans, un 16,5% máis que no ano anterior, o que supón o 5,5% dos plans aprobados en España.

Comparado coas outras comunidades autónomas, ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade en canto ó número de plans aprobados se refire, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Dos 284 plans de formación aprobados no ano 2001, 132 corresponden a plans de demanda (con compromiso de formación previo) sendo o seu custo de 11.085,9 miles de euros. Destes plans, 34 correspóndense a plans agrupados intersectoriais, cun custo global de 6.992 miles de euros, 63 son plans de empresa (2.554,1 miles de euros) e 35 son plans para grupos de empresa do mesmo sector (1.539,8 miles de euros).

CADRO 2.3.1.

Horas de formación realizadas e participantes nas CC.AA. 2000-01

	2000	2001		01/00
	(nº de horas)	(nº de horas)	(nº participantes)	(% horas)
Andalucía	9.491.208	11.292.861	287.755	19,0
Aragón	2.776.119	2.391.211	61.658	-13,9
Asturias	1.516.442	1.405.776	38.743	-7,3
Baleares	1.331.758	924.084	29.621	-30,6
Canarias	2.064.771	1.745.490	52.884	-15,5
Cantabria	898.937	657.334	16.960	-26,9
Castela - A Mancha	1.933.344	1.935.403	49.825	0,1
Castela e León	4.023.517	3.830.298	99.973	-4,8
Cataluña	11.283.876	8.962.198	281.681	-20,6
Comunidad Valenciana	5.570.028	4.456.577	137.040	-20,0
Extremadura	1.208.001	1.424.356	37.523	17,9
Galicia	4.164.446	4.194.612	109.477	0,7
Madrid	11.970.301	10.693.971	301.764	-10,7
Murcia	1.592.429	1.545.993	48.025	-2,9
Navarra	867.196	876.162	26.793	1,0
País Vasco	2.006.826	1.847.719	52.029	-7,9
A Rioxa	418.069	397.479	9.823	-4,9
Ceuta	58.807	64.097	1.448	9,0
Melilla	19.357	21.238	735	9,7
Total	63.195.432	58.666.859	1.643.757	-7,2

Fonte: FORCEM

Os restantes 152 plans de formación corresponden ós plans de oferta (sen compromiso previo), sendo o seu custo de 20.557,4 miles de euros.

Respecto ó financiamento da formación (plans de demanda e plans de oferta), cómpre salientar que a metade do custo total, finánciase coas cotas de formación profesional, e o outro 50% a través do FSE e do INEM.

O número de horas de formación realizadas polos participantes en Galicia na convocatoria de 2001, **cadro 2.3.1.**, acadou as 4.194.612 horas (un 0,7% máis que as realizadas na convocatoria anterior), o que significa o 7,1% do total de horas realizadas en España.

Formación e colocación: Comunidade Autónoma

Tal e como se reflicte no **cadro C.2.12.** (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2001-02*), o conxunto de medidas relativas ás políticas activas de emprego pódense agrupar en catro grandes grupos: Programas de mellora e empregabilidade; Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral; Programas de cooperación e escolas obradoiro; e as Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoempre-

go, (estas últimas analizadas no apartado 2.4.- Economía social).

• *Programas de mellora e empregabilidade*

Estas medidas, que se configuran como unha oferta integral de servicios ás persoas que están en busca de emprego, pódense agrupar en tres grandes tipos de actuacións: Formación profesional ocupacional, Orientación laboral e asesoramento para autoemprego; e Intermediación laboral. A xestión destas actividades corresponde ó Servicio Público de Emprego dende o punto de vista da súa definición, planificación e financiamento, contando cunha rede complementaria que permite incrementalo número de accións formativas.

Ó longo do ano 2002 iniciouse o proceso de elaboración das cualificacións profesionais nos sectores de acuicultura e audiovisual, incidindo na medra da súa competitividade a través da mellora da competencia profesional dos seus traballadores.

Formación profesional ocupacional

Esta política activa realízase mediante a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), que recolle programas de accións formativas para desempregados inscritos no Servicio Público de

CADRO 2.3.2.
Formación ocupacional 2001-02: cursos, presupostos e alumnos

	2001			2002		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.305	37.802,8	21.184	1.333	38.590,9	22.005
Compromisos de contratación FIP	159	3.324,1	2.359	92	2.059,4	1.374
Compromisos de contratación FSE	4	238,6	69	171	255,5	2.438
Medios propios	155	3.592,1	2.254	224	5.231,0	3.324
Plan autonómico de formación de formadores	26	61,0	361	45	142,1	614
Outras accións formativas	202	2.947,7	4.202	347	3.190,2	6.049
Total	1.851	47.966,2	30.429	2.212	49.469,1	35.804

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.3.
Plan FIP 2001-02: programación provincial e pluriprovincial

	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Programación provincial						
A Coruña	229	3.727	8.028.515	210	3.382	5.037.479
Lugo	130	2.131	4.589.375	133	2.128	2.685.005
Ourense	146	2.399	4.529.637	87	1.429	2.081.246
Pontevedra	219	3.601	7.012.287	175	2.844	4.077.710
Total	724	11.858	24.159.814	605	9.783	13.881.440
Programación pluriprovincial	581	9.326	13.642.976	728	12.222	24.709.503

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.4.
Plan FIP 2001-02: distribución sectorial

Sector	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	222	3.662	6.136.621,47	156	2.599	5.309.307,73
Agricultura	41	675	1.112.819,14	33	551	831.798,19
Artesanía	26	428	1.056.365,62	16	272	636.988,13
Automoción	14	234	733.239,88	14	254	843.278,85
Comercio, márketing e vendas	61	976	1.182.129,21	65	1.037	1.465.652,40
Comunicación	16	256	672.471,69	12	206	508.466,66
Construción	80	1.372	3.694.891,55	86	1.516	3.879.710,74
Industria	58	940	1.889.146,17	59	985	2.032.153,02
Industria agroalimentaria	11	178	392.857,99	13	219	425.009,10
Madeira e moble	26	436	1.078.894,11	24	409	1.029.975,59
Mantemento instalacións	66	1.097	2.277.263,26	49	850	2.116.655,44
Pesca e acuicultura	1	15	23.877,61	2	43	44.048,10
Saídade	81	1.339	2.219.322,69	86	1.455	2.556.187,49
Servicios	507	8.002	11.590.109,99	622	10.031	12.749.414,86
Téxtil	29	468	827.740,62	27	432	942.269,36
Turismo e hostalería	66	1.106	2.915.039,13	67	1.122	3.145.308,55
Total	1.305	21.184	37.802.790,11	1.331	21.981	38.516.224,21

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

Emprego de Galicia. Xunto a estas medidas, fóra do Plan FIP existen outra serie de accións formativas que completan a oferta de mellora de cualificacións. En conxunto, e tal e como recolle o **cadro 2.3.2.**, ó longo do ano 2002 beneficiáronse destes programas un total de 35.804 alumnos nun total de 2.212 cursos programados, ascendo o seu presuposto a 49.469,1 miles de euros. Comparado co ano anterior, o devandito cadro reflicte que o presuposto rexistra unha medra do 3,1% (1.502,9

miles de euros), sendo do 17,7% no caso dos alumnos (5.375 alumnos máis) e do 19,5% no do número de cursos (361 cursos).

No que ós cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ó longo do ano 2002 programáronse un total de 1.333 cursos: 728 cursos de programación pluriprovincial e 605 cursos de programación provincial. Ós cursos de programación pluriprovincial, ós que asistiron un total de

CADRO 2.3.5.

Cursos con compromiso de contratación 2001-02

	2001				2002			
	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	28	35	536	954.090	14	23	372	442.997
Lugo	14	18	227	358.310	8	13	183	436.297
Ourense	14	40	608	779.571	7	17	263	326.271
Pontevedra	15	66	988	1.232.159	12	39	556	853.794
Total	65	159	2.359	3.324.130	39	92	1.374	2.059.359

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.6.

Cursos con compromiso de contratación 2001-02: distribución sectorial

Sector	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Administración e oficinas	-	-	-	-	-	-
Agricultura	3	40	53.231,10	1	10	26.704,07
Artesanía	1	10	25.488,92	-	-	-
Automoción	30	462	253.922,60	7	93	23.604,00
Comercio, marketing e vendas	16	249	275.669,41	15	240	209.237,95
Comunicación	1	10	30.358,32	-	-	-
Construcción	5	76	151.925,82	1	10	56.030,00
Industria	32	488	873.275,43	24	345	620.131,00
Industria agroalimentaria	2	29	50.225,74	7	106	233.589,20
Madeira e moble	4	61	131.944,69	1	18	18.369,00
Mantemento instalacións	2	29	49.462,24	-	-	-
Sanidade	16	229	308.975,06	7	108	99.627,60
Servicios	19	267	431.327,52	11	172	284.406,60
Téxtil	24	351	612.992,18	16	239	421.029,04
Turismo e hostelería	4	58	75.330,86	2	30	66.630,60
Total	159	2.359	3.324.129,90	92	1.371	2.059.359,06

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

12.222 alumnos, dedicáronse un total de 24.709,5 miles de euros, distribuídos segundo se reflicte no **cadro 2.3.3**. Os 605 cursos de programación provincial asistiron un total de 9.783 alumnos, sendo o seu presuposto de 13.881,4 miles de euros.

Respecto á distribución sectorial destes cursos, o **cadro 2.3.4** amosa o predominio do sector servicios, que acolle case a metade dos cursos e alumnos, con 622 e 10.031, respectivamente, e un tercio do orzamento total, con 12.749,4 miles de euros. Séguelle en importancia o subsector administración e oficinas, con 156 cursos no ano 2002, ós que asistiron un total de 2.559 alumnos, sendo o seu presuposto de 5.309,3 miles de euros.

No concernente ós cursos con compromiso de contratación, ó longo do ano 2002 volveu a descende-lo número de alumnos e cursos programados. Así, nese ano un total de 1.374 alumnos asistiron ós 92 cursos de formación programados (985 alumnos e 67 cursos menos que no ano ante-

rior), sendo o orzamento dedicado a estes cursos de 2.059,4 miles de (1.264,8 miles de euros menos que en 2001).

En canto á súa distribución xeográfica, o **cadro 2.3.5** reflicte que o descenso de cursos e alumnos se experimenta nas catro provincias galegas. A provincia de Pontevedra foi a que maior número de cursos programou, con 39 cursos (27 menos que no ano anterior), ós que asistiron 556 alumnos (432 menos). Séguelle en importancia A Coruña, con 23 cursos e 372 alumnos (12 e 164 menos que en 2001, respectivamente).

O **cadro 2.3.6** reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contratación. Nel pódese apreciar que o subsector da industria é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 24 e 345, respectivamente. Séguelle en importancia o subsector téxtil, con 16 cursos e 239 alumnos, e o do comercio, marketing e ven-

CADRO 2.3.7.
Programación con medios propios (1) 2001-02

	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	63	948	1.541.721	110	1.631	2.565.045
Lugo	40	607	1.121.128	49	754	1.320.739
Ourense	40	515	612.154	45	623	602.320
Pontevedra	12	184	317.071	20	316	742.945
Total	155	2.254	3.592.074	224	3.324	5.231.049

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.8.
Programación con medios propios 2001-02: distribución sectorial

Sector	2001			2002		
	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)
Administración de oficinas	13	198	241.626,10	5	77	117.827,53
Agricultura	16	233	382.561,03	19	290	361.470,00
Artesanía	2	31	59.504,07	2	27	29.688,75
Automoción	2	33	70.663,25	6	97	144.753,00
Comercio, marketing e vendas	6	68	120.956,45	6	80	110.781,07
Comunicación	-	-	-	3	48	57.411,95
Construcción	15	215	400.063,26	20	306	704.114,61
Industria	24	342	555.387,38	40	597	1.019.702,39
Industria agroalimentaria	3	50	75.660,81	3	36	48.993,00
Madeira e moble	12	177	407.112,53	16	239	514.529,40
Mantemento instalacións	16	226	510.379,78	23	339	673.064,05
Pesca e acuicultura	-	-	-	1	15	23.058,00
Sanidade	1	15	32.961,76	4	58	114.895,80
Servicios	39	573	546.395,95	97	1.370	926.561,20
Téxtil	3	48	70.016,41	6	92	129.368,90
Turismo e hostalería	3	45	118.785,38	6	89	274.700,00
Total	155	2.254	3.592.074,16	257	3.760	5.250.919,65

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

das, con 15 cursos en 240 alumnos. Entre ámbolos tres acollen en torno ó 60% dos cursos, alumnos e do presuposto en 2002.

Con cargo ó presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 224 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 5.231,0 miles de euros. Comparado co ano anterior, estas variables medraron en torno ó 45%. Do total dos cursos, o **cadro 2.3.7.** reflicte que a provincia que acolleu o maior número de cursos e alumnos é a provincia de A Coruña, con 110 cursos e 1.631 alumnos, seguida de Lugo, con 49 cursos e 754 alumnos, e Ourense, con 45 cursos e 623 alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.3.8.** reflicte que é o sector servicios o que acolle o maior número de cursos e alumnos, con 97 e 1.370, respectivamente, segui-

do pola industria, con 40 cursos e 597 alumnos no ano 2002.

Asemade, ó longo do exercicio 2002 programáronse 43 cursos de metodoloxía didáctica, na modalidade presencial, 23 cursos presenciais, así como unha serie de accións formativas complementarias dos cursos do Plan FIP. En 2002 programáronse un total de 518 accións formativas nos que participaron un total de 8.487 alumnos, cun presuposto de 3.445,7 miles de euros.

Orientación laboral e asesoramento para autoemprego

Ó longo do ano 2002 realizáronse un total de 68.495 accións de orientación (2.675 accións menos que no ano anterior), das que na provincia de A Coruña e Pontevedra se realizaron o 74,0% (27.430 e 23.237, respectivamente).

O mencionado descenso prodúcese nas catro

CADRO 2.3.9.

Orientación laboral 2002: resultados das accións realizadas

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
CV altamente incoherente: modificado	146	101	12	18	15
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	101	43	9	19	30
Exclusión temporal programa PIL-RAI	69	33	10	16	10
Finalización do programa PIL-RAI	1.530	495	156	425	454
Necesita máis orientación	3.654	2.155	263	567	674
Necesita máis orientación con urxencia	103	21	16	44	22
Non lle interesa buscar traballo activamente	1.894	990	148	206	556
O demandante non asistiu á entrevista	21.209	8.537	2.258	2.885	7.680
Orientación finalizada normalmente	34.954	13.576	4.330	4.829	12.280
Perfecta adecuación do seu CV	1.477	370	227	419	463
Precisará máis orientación, por enfermidade	338	121	39	64	115
Sen facilitar	1.138	336	15	194	366
Só precisará información	1.882	652	369	290	572
Total	68.495	27.430	7.852	9.976	23.237

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.10.

Ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego e contratos rexistrados no 2002

	Ofertas xestionadas			Contratos rexistrados
	Sistema SILEE (1)	Sistema SGC (2)	Total	
A Coruña	11.760	14.752	26.512	288.778
Lugo	4.823	3.910	8.733	69.749
Ourense	4.814	15.752	20.566	47.801
Pontevedra	20.876	13.260	34.136	282.201
Total	42.273	47.674	89.947	688.529

(1) Sistema de Información Laboral no dominio do emprego

(2) Servizo Galego de Colocación

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

CADRO 2.3.11.

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 2001-02: expedientes e traballadores segundo procedemento

Procedemento	2001		2002	
	Nº expedientes	Nº traballadores	Nº expedientes	Nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	357	388	249	302
Fomento da contratación indefinida	8.379	14.428	5.348	10.934
Fomento contratos en prácticas	1.843	2.169	1.546	1.917
Conciliación vida laboral e familiar	333	345	383	383
Contratación traball. en risco de exclusión social	60	67	32	55
Total	10.972	17.397	7.558	13.591

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.3.12.

Accións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2001-02: empresas e traballadores beneficiados

	2001		2002	
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores
A Coruña	4.381	6.973	3.106	5.048
Lugo	1.607	2.350	1.165	1.933
Ourense	843	1.639	588	1.463
Pontevedra	4.141	6.435	2.699	5.147
Total	10.972	17.397	7.558	13.591

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 2001-02

	2001		2002	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
Programas de cooperación con entidades locais	615	5.490	624	5.962
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	332	4.965	326	5.420
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego (1)	233	259	239	268
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos (2)	50	266	59	274
Programas de Cooperación con outras administracións (3)	80	481	104	772
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	80	481	80	640
Axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	-	-	24	132

(1) Denominados en 1999 Axentes de emprego e desenvolvemento local

(2) Introdúcese o dos tres anos

(3) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

provincias galegas, sendo o máis acusado o experimentado na provincia de Pontevedra, con 1.514 accións menos. Na provincia de Ourense, esta caída foi de 578 orientacións, namentres que en A Coruña e Lugo o número de accións de orientación realizadas reduciuse en 377 e 206 accións, respectivamente.

Dentro das accións de orientación realizadas, cómpre salientar que o 51,0% (34.954 orientacións) corresponden a orientacións finalizadas normalmente, e que nun 31,0% o demandante non asistiu á entrevista.

Intermediación laboral

Esta liña de actuación consiste na xestión eficiente da demanda de emprego e a súa posta en relación coas ofertas xeradas polo mercado de traballo. Ó longo do ano 2002 o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servicio Público de Emprego, **cadro 2.3.10.**, foi de 89.947, das que 42.273 ofertas corresponden ó sistema SILEE (o 47,0%) e 47.674 (o 53,0%) corresponden ós centros asociados ó Servicio Galego de Colocación.

Comparado co volume total de contratos rexistrados (688.529 contratos), as ofertas representan o 13,1% dos contratos, sendo esta porcentaxe do 43,0% na provincia de Ourense fronte ó 9,2% en A Coruña.

Finalmente hai que salienta-la presenza da Rede EURES, que proporciona información sobre mercados de traballo, ofertas de emprego e

condicións de vida e traballo nos países comunitarios. Do total das actividades realizadas ó longo de 2002, cómpre salientar que o 48% (5.894 contactos) correspondeu a contactos cos demandantes de emprego e un 34% a contactos con persoas ou institucións que non son demandantes de emprego nin empregadores. No ano 2002 foron atendidos pola rede Eures-Galicia un total de 6.835 demandantes de emprego.

• Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral

Respecto ás distintas medidas de fomento da contratación, no ano 2002 volveu a descende-lo número de beneficiarios das distintas actuacións de fomento da contratación por conta allea, acadando un total de 13.591 beneficiarios fronte ós 17.397 do no ano anterior. Este descenso pode deberse, entre outras causas, ó reforzamento da esixencia de estabilidade no emprego, tanto nas medidas dirixidas a colectivos desfavorecidos como programa de incentivos á contratación baseados en plans empresariais de incremento da estabilidade laboral.

Dos distintos procedementos recollidos no **cadro 2.3.11.**, ó longo de 2002 un total de 11.236 traballadores accederon a un contrato indefinido (dos que 10.934 son beneficiarios dos programas xerais á contratación indefinida e os restantes 302 son persoas beneficiarias do programa específico para persoas con discapacidade) e 2.355 a un contrato temporal ou de duración determinada. Destes últimos, 1.917 responden á modalidade de contratación en prácticas, contrato deseñado para

CADRO 2.3.14.

Escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 2001-02

	2001	2002
Escolas obradoiro e casas de oficios		
número	52	33
alumnos	2.312	1.519
postas en marcha ó longo do exercicio	23	7
alumnos	1.059	335
Obradoiros de emprego		
número	50	77
beneficiarios	1.875	2.970
novos proxectos postos en marcha	32	45
beneficiarios	1.221	1.749
Unidades de promoción e desenvolvemento (1)		
número	3	3
beneficiarios	26	26

(1) Ademais de dar continuidade ós traballos desenvolvidos no 2001 polas tres UPD nas que participaban 26 técnicos, no 2002 concedéronse as correspondentes subvencións para a posta en marcha dun novo proxecto e a contratación de 4 técnicos máis.

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

favorece-la formación práctica e como instrumento ponte para facilita-lo acceso a un contrato estable; 383 foron contratos de interinidade por causa de maternidade ou por excedencia por coitados de familiares, e 55 foron contratos celebrados con desempregados pertencentes a colectivos en perigo de exclusión social.

Respecto á incidencia porcentual na distribución provincial das empresas e traballadores beneficiarios en Galicia, **cadro 2.3.12.**, A Coruña acolle en torno o 37% dos traballadores beneficiarios (41% das empresas) fronte ó 38% do traballadores e o 36% da empresas beneficiarias no caso de Pontevedra. Na provincia de Lugo, atópanse o 14% dos traballadores e o 15% das empresas beneficiarias, namentres en Ourense estas porcentaxes son do 11% e 8%, respectivamente.

• **Programas de cooperación e escolas obradoiro**

A análise dos programas de cooperación e escolas obradoiro pódese dividir en tres grandes apartados: por unha banda, a análise de cooperación con entidades locais; por outra os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e finalmente, as escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento (**cadros 2.3.13. e 2.3.14.**).

No ano 2002 púxose en marcha o “Programa Labora: Xuventude con experiencia” co obxectivo de garantir ás persoas desempregadas menores de 30 anos un contrato de traballo de 12 meses de duración de xeito que poidan adquiri-la práctica que lles falta, mediante unha prestación laboral efectiva. Ó longo do ano concedéronse subvencións para a contratación de 2.459 persoas, a través de 254 entidades locais beneficiarias. Así mesmo, financiouse a contratación de 577 persoas polas catro deputacións provinciais maila Mancomunidade de concellos do Salnés, no ámbito dos chamados Programas Experienciais de Emprego.

En relación ós programas de cooperación con entidades locais, hai que salientar que se subvencionou algún programa de cooperación a 310 concellos, o que representa o 98,4% dos concellos galegos.

No eido destes programas de cooperación, no exercicio 2002 beneficiáronse da “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servicios de interese xeral ou social” un total de 326 entidades, participando 5.420 traballadores desempregados, un 9,2% máis que no exercicio anterior. A duración media destes contratos situouse en torno ós dez meses fronte ós 6,2 meses do ano anterior.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, no ano 2002 o número de técnicos

Especialidades máis impartidas nas escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego 2001-02

Familia profesional	2001		2002	
	Escolas obradoiro e casas de oficios (%)	Obradoiros de emprego (%)	Escolas obradoiro e casas de oficios (%)	Obradoiros de emprego (%)
Construcción	47	46	52	50
Construccións metálicas	9	2	8	2
Electricidade	-	-	-	-
Madeira	21	15	18	15
Medio Ambiente	7	13	6	12
Ornamentais e xardíns	14	18	15	16
Outras	2	2	1	1
Servicio á comunidade	-	2	-	4
Artesanía	-	2	-	-

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

ascendeu a 268 (nove máis que en 2001), con 239 entidades locais beneficiarias, e un investimento de máis de 4 millóns de euros.

As contratacións polas entidades locais de servizos públicos se refiren a contratacións con empresas cualificadas como iniciativas de emprego, con centros especiais de emprego ou con empresas de economía social constituídas por xoves ou por desempregados que participasen nalgún obradoiro de emprego ou curso de formación ocupacional ou por parados de longa duración ou por mulleres. Ó longo do ano 2002, o número de traballadores que se beneficiou destes programas acadou os 274, e o número de empresas beneficiarias ascendeu ata as 80 (un 37% das mesmas son iniciativas locais de emprego e un 8% centros especiais de emprego).

No concerne os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, ó longo do ano 2002 o número de entidades beneficiadas ascendeu a 80 (3 máis que no ano anterior) participando un total de 640 traballadores (161 máis que no ano anterior). A media da duración dos contratos foi de 11,7 meses cando no ano anterior situábase en torno ós 8,3 meses.

A aplicación do mencionado Programa Labora a través dos Programas de Cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro supuxo a contratación de 469 mozos incorporados ó programa (o 73% da contratacións subvencionadas nesta medida activa de emprego).

Finalmente, no caso das escolas obradoiro,

casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ó longo de 2002 beneficiáronse das accións formativas das 33 escolas obradoiro e casas de oficio, un total de 1.519 desempregados menores de 25 anos, dos que o 32% son mulleres (**cadro 2.3.14.**).

Ó longo do ano 2001 puxéronse en marcha un total de 7 novas escolas obradoiro e casas de oficios, participando nelas un total de 335 xoves desempregados. A 31 de decembro estaban en funcionamento 18 proxectos, que daban cabida a 867 participantes menores de 25 anos.

O **cadro 2.3.15.** recolle as especialidades máis frecuentemente impartidas, onde salientan a construción (52%), a madeira (18%) e as actividades de xardinería (15%).

Os 77 obradoiros de emprego en funcionamento no ano 2002, que buscan melloras posibilidades de ocupación dos desempregados de 25 ou máis anos, e principalmente daqueles que teñan especiais dificultades para inserirse no mercado laboral, acolleron un total de 2.970 traballadores desempregados.

Ó longo do ano 2002 puxéronse en marcha 45 novos proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan un total de 1.749 desempregados maiores de 25 anos, funcionando a 31 de decembro 45 proxectos con 1.749 beneficiarios. Entre as especialidades impartidas, **cadro 2.3.15.**, as máis frecuentes son as de construción (50%), as de ornamentais e xardíns (16%) e as de madeira (15%). ■

